

# Teo Merece Máis!



## Parroquia de Teo

### O que urxe facer...

*O concello de Teo sofre hoxe moitas eivas e problemáticas derivadas dun crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, unida á falta de proxectos globais que involucren a veciñanza asentadas nas zonas rurais, son causa importante do freo ao progreso integral de Teo.*

*Ante esta situación, desde o BNG queremos **implementar unha serie de políticas activas de dinamización que consideramos esenciais para rachar cos nosos males endémicos e cohesionar as distintas parroquias nun único ente que sexa reflexo da súa pluralidade.** Estas medidas están recollidas no noso programa marco para Teo.*

O noso contrato con Teo é plural e debe ter en conta as necesidades específicas das distintas parroquias para non deixar a ninguén atrás.

### Porque Teo merece máis, na parroquia de Teo...

▶ Prestaremos especial atención á procura dunha solución para a traída de auga e á rede de sumidoiros, pois esta parroquia é a única que aínda non conta con este servizo en todo o seu territorio.

▶ Promoveremos o arranxo das pistas de Campos, de Agromaior e a que une Vilar e Mallos.

▶ Investiremos na substitución de farolas por outras que non sexan incandescentes.

▶ En Vilachaíño atenderemos ao mantemento e mellora do campanario

▶ Habilitaremos un local para gardar a roupa do Entroido.

Con esas propostas queremos dar **#unpasoadiante para que a parroquia de Teo avance** con Teo.

# Máis Concellos BNG!

O BNG presenta unha candidatura formada por persoas competentes, ilusionadas, que teñen a cabeza e o corazón en Teo.

Nesta candidatura unimos a xuventude, temos o candidato máis novo, coa competencia e experiencia dos demais membros.

Unha nova xeración disposta a darlle vida a Teo, con propostas, con iniciativas pero tamén con preparación e capacidade técnica e política para resolver os problemas que vaiamos atopando no camiño.

O noso contrato é co pobo de Teo.

Traballaremos arreo para non deixar a ninguén atrás, a cidadanía orgullosa de ser deste concello debe ser o motor no que sustentemos os cambios e melloras nas que cremos e que o BNG vén demostrando por Galiza adiante que é posible crer. Só precisamos que vos apuntedes ao reto.



UN  
NOVO TEO

PARROQUIA  
A PARROQUIA

PARROQUIA DE  
TEO